

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### OUTES

*Bases convocatoria axudas económicas a familias para compensación gastos farmacéuticos*

A Xunta de Goberno Local, na sesión do 09.01.2017, trala correspondente deliberación e por unanimidade, aprobou as anteditas bases, que son como segue:

#### **BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS ECONÓMICAS A FAMILIAS CON MENORES A CARGO PARA COMPENSACIÓN GASTOS FARMACÉUTICOS ANO 2017.**

##### **ANTECEDENTES**

Con data 15.12.2016, recibíuse no Concello a notificación de resolución de concesión dunha subvención por parte da Consellería de Política Social por importe de 4.320,00 €, para a posta en marcha de programas de axudas económicas a familias con menores a cargo para a compensación dos seus gastos farmacéuticos ao abeiro da Orde do 12 de agosto de 2016 de dita Consellería (DOG nº 161 do 26.08.2016).

A Xunta de Goberno Local, trala correspondente deliberación e por unanimidade, **ACORDA**:

**Primeiro.-** Aprobar as bases da convocatoria de axudas económicas a familias con menores a cargo para a compensación dos seus gastos farmacéuticos para ao ano 2017.

#### **“BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS ECONÓMICAS A FAMILIAS CON MENORES A CARGO PARA A COMPENSACIÓN DOS SEUS GASTOS FARMACÉUTICOS PARA O ANO 2017.”**

##### **1.- OBXECTO.**

O obxecto da presente convocatoria é apoiar a familias con menores a cargo que atravesan dificultades a través de axudas económicas ao cofinanciamento do 40% dos medicamentos financiados polo Sistema nacional de saúde prescritos a través de receita médica.

##### **2.- BENEFICIARIOS.**

Poderán ter a condición de beneficiarios das axudas as familias que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar empadroadas no Concello de Outes.
- Que ao menos un dos membros da unidade de convivencia sexa menor de 16 anos.
- Non superar os límites de ingresos mensuais a que se refire o artigo 12.d da lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia:
  - o familias con 2 membros: 573,83€/mes
  - o familias con 3 membros: 591,08€/mes
  - o familias con 4 membros: 644,33€/mes
  - o familias con 5 membros: 697,58€/mes
  - o familias con 6 ou mais membros: 718,88€/mes

##### **3.- SOLICITUDES.**

As solicitudes para a concesión das presentes axudas presentaranse de acordo co modelo establecido a tal fin nos Servizos Sociais do Concello (educadora familiar e/ou traballadores sociais), e deberá acompañarse da seguinte documentación:

- Impreso de solicitude debidamente cuberto.
- Fotocopia do DNI do solicitante e daqueles membros que convivan no domicilio familiar. Aportarase tamén copia do libro de familia onde consten o/a menor/es que conviven no domicilio.
- Certificado de empadramento/certificado de convivencia.
- Certificado nº de conta bancaria
- Xustificante receita médica.
- Factura da farmacia.
- Xustificantes dos ingresos que perciba no momento da solicitude a persoa solicitante e resto das persoas que integren a unidade familiar en concepto de rendementos do traballo ou de actividades económicas, como retribucións, rendas, prestacións, axudas, subsidios, prestacións de pagamento único ou por calquera outro concepto; así mesmo, as cantidades percibidas en concepto de rendementos do capital mobiliario e inmobiliario, alugamentos ou similares, así como rendementos do patrimonio.
- Copia da declaración da renda ou datos fiscais relativos ao último exercicio da persoa solicitante e resto das persoas que integran a unidade familiar, só no caso de non autorizar a súa consulta.

As solicitudes poderán facer referencia a gastos farmacéuticos realizados dende o 1 de decembro de 2016 ata o 30 de novembro de 2017.

#### **4.- PRAZO E PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.**

O prazo de presentación das solicitudes rematará o 30 de novembro de 2017.

#### **5.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN.**

Unha vez presentada a solicitude o órgano instructor, educadora familiar e/ou traballadores sociais, realizarán as comprobacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos.

Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos, requiriráselle ao interesado para que a enmende no prazo de 10 días, indicándosele que de non facelo daráselle por desistido da súa solicitude que será arquivada sen mais trámites.

Se a solicitude cumpre os requisitos esixidos formularáse proposta de resolución provisional na que se expresará o cumprimento dos requisitos dos solicitantes para a concesión das axudas e a contía individualizada de subvención que se propón para cada solicitante con arreglo ós requisitos esixidos no artigo 2 das presentes bases.

A proposta de resolución provisional, que conterá as solicitudes presentadas no mes inmediato anterior, presentaráse á Xunta de Goberno Local, que será o órgano competente para a súa resolución definitiva e concesión, previo informe da intervención municipal.

As axudas concedidas serán notificadas aos solicitantes e procederáse ao pago da contía concedida.

#### **6.-CONTÍA DAS AXUDAS E CRÉDITO ORZAMENTARIO.**

O crédito orzamentario para as presentes axudas, financiadas pola Xunta de Galicia, é de 5.400€ con cargo á aplicación orzamentaria 2311-7C-48001 do orzamento de 2017.

O importe das axudas concedidas a cada solicitante ascenderá ó importe total solicitado sendo a contía máxima que se pode conceder por persoa integrante da unidade familiar e anualidade 120€.

Poderá superarse este límite nos casos en que a situación do destinatario final o faga aconsellable, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social emitido polo traballador/a social dos servizos sociais comunitarios básicos.

As solicitudes serán atendidas por rigoroso orde de presentación no rexistro de entrada do Concello ata que se agote o crédito orzamentario destinado a dita finalidade.

## ANEXO I.-MODELO DE INSTANCIA

## SOLICITUDE AXUDA ECONÓMICA A FAMILIAS CON MENORES A CARGO PARA COMPENSACIÓN DE GASTOS FARMACÉUTICOS.

D./Dna. \_\_\_\_\_, DNI \_\_\_\_\_,  
endereço: \_\_\_\_\_ e tfno.: \_\_\_\_\_

Vista a convocatoria de axudas económicas a familias con menores a cargo para a compensación dos seus gastos farmacéuticos financiadas pola Xunta de Galicia para o ano 2017 aprobadas na Xunta de Goberno Local en data , **SOLICITO:**

Unha axuda económica de \_\_\_\_\_ euros para facerlle fronte a ditos gastos realizados no período de \_\_\_\_\_ e referidos aos medicamentos financiados polos Sistema Nacional de Saúde que teño prescritos a través de receita médica, para o que presento a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI do solicitante e daqueles membros que convivan no domicilio familiar así como copia do libro de familia onde constan o/a menor/es que conviven no domicilio.

- Certificado de empadramento.

- Certificado nº de conta bancaria

- Xustificante receita médica.

- Factura da farmacia.

- Xustificantes dos ingresos que perciba no momento da solicitude a persoa solicitante e resto das persoas que integren a unidade familiar en concepto de rendementos do traballo ou de actividades económicas, como retribucións, rendas, prestacións, axudas, subsidios, prestacións de pagamento único ou por calquera outro concepto; así mesmo, as cantidades percibidas en concepto de rendementos do capital mobiliario e inmobiliario, alugamentos ou similares, así como rendementos do patrimonio.

- Copia da declaración da renda ou datos fiscais relativos ao último exercicio da persoa solicitante e resto das persoas que integran a unidade familiar, só no caso de non autorizar a súa consulta.

Outes, ..... de ..... de 2017.

Dacordo co establecido pola lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, consinto que estes datos sexan incluídos nun ficheiro do que é titular o Concello de Outes e poidan ser utilizados para xestionar calquera cuestión relacionada coa axuda social solicitada, e declaro estar informado sobre os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición que poderei exercer no domicilio de Concello de Outes, en Rúa da Vila, 1, 15230- A Serra de Outes (A Coruña). Os seus datos poderán ser comunicados a organismos e administracións con competencia na materia, coa finalidade única de tramitar as axudas sociais solicitadas.

**SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE OUTES”**

## ANEXO II.-DECLARACIÓN XURADA

D./Dna. \_\_\_\_\_, DNI .nº \_\_\_\_\_,  
endereço: \_\_\_\_\_ e tfno.: \_\_\_\_\_

**DECLARO** que non teño débedas fiscais nin sociais pendentes coa Seguridade Social nin coa Administración Autonómica, nin me atopo en ningún dos supostos que impiden obter a condición de beneficiario de subvencións por parte das Administracións Públicas recollidos no artigo 13 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

Asimesmo, en cumprimento do artigo 23.3 da Lei Xeral de Subvencións, autorizo ao Concello de Outes a solicitar os correspondentes certificados de atoparme ao corrente das miñas obrigas tributarias.

Outes, ..... de ..... de 2017.

**Segundo.-** A eficacia das anteditas bases queda condicionada á entrada en vigor do orzamento xeral do Concello para o ano 2017.

Outes, 12 de xaneiro de 2017

A Alcaldesa,

Asdo. María Beatriz Molinos Vidal

2017/251